

# RELIXIÓN

## O STEG denuncia na mesa sectorial que o persoal laboral de relixión ocupe cargos directivos.

Na mesa sectorial do 14 de decembro o STEG pon de manifesto ante a Administración a súa oposición a que o persoal de relixión ocupe cargos directivos nos centros educativos públicos. Despois de comprobar que en varios centros de Galiza o persoal de relixión estaba a ocupar cargos directivos preguntámonos á Administración se non consideraba esta situación irregular. A resposta foi que era unha práctica habitual e que, segundo a súa interpretación, a lexislación vixente o permitía.

### No STEG pensamos que esta situación é ilegal

Desde o STEG consideramos que, segundo o RD 696/2007 e a Orde desenvolvida en Galiza, este colectivo só está habilitado para impartir aulas de relixión ( así o especifica no seu contrato laboral) e non para outras funcións. A nosa argumentación baséase en que son persoal laboral docente e non funcionario docente como o resto do profesorado. Ademais, o seu acceso vén motivado por un proceso selectivo sen control público en función da coincidencia ideolóxica co credo que vai impartir : cristián, musulmán, protestante...

### Antecedentes desta situación

No mes de xullo do 2007 A Consellería sorprende cunha Orde coa que ademais de facer indefinido ao profesorado de relixión, permitía a este grupo ocupar direccións e cargos directivos ademais de ser titores, permitiéndolle realizar funcións propias do funcionario docente como titores, dinamizacións da convivencia escolar, bibliotecas... A presión do STEG nesa mesa sectorial ( o único sindicato que nese momento xa expresa a súa intención de recorrerla ) fai posible que se elimine o punto que permitía ocupar direccións e cargos directivos, manténdose a posibilidade da realización de outras funcións docentes.

### O profesorado de relixión non pode impartir outras materias

### A campaña do STEG

Desde o momento da aprobación da Orde o STEG comeza unha campaña en contra da mesma. A primeira médula consiste na denuncia ante os medios de comunicación de que Galiza era o primeiro territorio do Estado onde se permitía esta situación. Nunha rolda de prensa denunciámonos ante os medios a problemática situación que abría esta Orde, destacando o paradoxo de queun estudante que non opte pola marería de relixión, poderá ter igualmente de xefa/e de estudos, titora/l, dinamizador/a, etc., a unha persoa que non accedeu ao seu posto de traballo por un concurso obxectivo senón mediante unha selección subxectiva realizada polas autoridades do credo correspondente, en función da coincidencia ideolóxica coa confesión que profese.

Nese mesmo mes desde o STEG enviámonos unha carta a todas as delegacións do PSOE do estado para dar a coñecer o que este partido estaba a facer en Galiza, demandando a retirada da Orde.

Puxemos en coñecemento da nosa Asesoría Xurídica a Orde, para o estudio do recurso que neste momento está interposto.

Iniciamos unha campaña co envío aos 1500 centros públicos de Galiza dunha explicación da Orde e da nosa postura e accións ao respecto, ademais de priorizalo nas nosas visitas, con máis de 200 centros visitados neste trimestre.

### Que seguimos a facer

Estamos a traballar no seguimento do recurso contra a Orde.

Denunciamos todos os casos onde este persoal ocupa cargos directivos e tamén nos casos en que

imparte materias distintas da relixión.

**Neste momento temos solicitado ante todas as Xuntas de Persoal provincial a relación do persoal da materia de relixión que ocupa cargos directivos e imparte outras materias distintas daquela para a que están habilitados.**

Temos a nosa Asesoría Xurídica á disposición do profesorado e de nais e pais que pretendan denunciar situacións concretas.

Estamos a facer un estudo comparativo cos demais territorios do Estado sobre as funcións que lles permiten a este colectivo.

### Valoración desta situación

**O STEG traballa desde a súa orixe por un ensino laico e entendemos laico no sentido radical de separación de educación e relixión. A escola é o lugar para o fomento dos coñecementos científicos, lingüísticos, literarios, etc., do ser humano e non o lugar para o fomento de crenzas, supersticións, dogmas que dependen da aceptación voluntaria dos individuos e non dunha reflexión racional conxunta.**

### Desde a súa orixe, o STEG traballa por un ensino laico

As crenzas relixiosas deben cingirse ao ámbito do privado e non coaccionar o uso da nosa razón cando facemos política, educamos, facemos ciencia... Nos últimos días atopámonos ante a presión dos sectores máis reaccionarios da igrexa católica posicionándose en contra de normas que as cidadás e os cidadáns decidimos dotarnos democráticamente para facer efectivos dereitos fundamentais, como o dereito a non ser discriminado pola orientación sexual, por ser donos da nosa capacidade reprodutiva...

Este intento de imposición de dogmas por parte dun credo a toda unha sociedade é responsabilidade fundamental das autoridades dese credo, máis tamén da febleza das organizacións políticas e sindicais que se autodenominan laicas ou de esquerdas para exercer unha posición de coherencia e de oposición, que serva de freo a estas ofensivas.

**¿Quen é o responsable de que as mulleres que tiveron que abortar estean hoxe perseguidas como delincuentes? Non só á extrema dereita relixiosa, senón unha lei do aborto morza e a incapacidade e desinterese (ou interese electoral) do PSOE para cumprir a promesa dunha lei de prazos para esta lexislatura. ¿Que responsabilidade temos as forzas sindicais ao permitir e mesmo apoiar Ordes de flexibilización de que a galega?. Non vale o argumento, falaz, das centrais maioritarias de que ao apoiaren esta Orde só están a apoiar ás traballadoras/es de relixión e non á confesión da que forman parte pois, non é divisibel, neste caso, a traballadora ou traballador da función para a que está contratada.**

### Xa é hora de derrogar os acordos co vaticano

**Pensamos que xa é hora de facer unha segunda (ou verdadeira) transición e revisar os acordos co Estado Vaticano** o que lle pagamos as nóminas de máis de 1000 profesoras e profesores só en Galiza (17000 no Estado, incluíndo as outras confesións : musulmáns, protestantes xudías, etc.) e , mentres iso non chega, os partidos políticos e as centrais sindicais laicas debemos pasar do laicismo teórico ao práctico, uníndonos nunha voz e acción para denunciar lexislacións como a aprobada recentemente pola Consellería de Educación.

## Orientación educativa e atención á diversidade: un caixón *desastre*

No ano 1998 publicáronse en Galiza o Decreto 120 e a Orde do 24 de xullo que ían rexer a Orientación Educativa no país, en aplicación da LOXSE, onde era considerada unha das marcas da calidade do Ensino, ademais dun dereito do alumnado. Xa naquel momento, o STEG mostrou o seu desacordo con determinados aspectos deste modelo e o tempo non fixo máis que confirmar que as nosas críticas eran acertadas. Ademais disto, 10 anos de implantación e numerosos cambios nas leis educativas demandarían unha revisión sería desta lexislación para subsanar tanto os erros cometidos de partida como as disfuncións que foron aparecendo tamén ante as novas demandas.

En Primaria, os problemas máis salientábeis derivan da situación das Orientadoras e Orientadores que continúan a ser do corpo de Primaria e acceden a estes postos por concurso específico, sendo a titulación en psicología, pedagogía e/ou psicopedagogía un mérito preferente, pero non un requisito. Aparte da discriminación laboral que isto supón, os problemas para a calidade da Orientación atopámonos cando é necesario cubrir as prazas de forma provisional ou realizar substitucións, xa que ao non ser unha especialidade recoñecida, calquera mestre ou mestra pode acceder a unha destas prazas.

Na Secundaria temos macroinstitutos con cerca de 1000 alumnos e varios tipos de ensinanzas e unha soa persoa da especialidade de pedagogía e psicoloxía no Departamento de Orientación. As funcións que en teoría debe cubrir esta persoa son as mesmas que outras que ten ao seu cargo menos de 200 alumnos e un só tipo de ensinanzas.

En definitiva, estes e outros problemas están contribuíndo a unha degradación e desprestixio da Orientación Educativa no noso país, o que repercute directamente na calidade do Ensino.

Por isto, o STEG ten demandado xa na Mesa Sectorial que se abra un debate sobre o tema da Orientación Educativa para abordalo no seu conxunto, e modificar a lexislación vixente para subsanar todas estas disfuncións.

Porén, a Dirección Xeral de Innovación e Ordenación Educativa está a sacar diferentes normas, en múltiples formatos, que só veñen a parchear e complicar aínda máis a situación das Orientadoras e Orientadores nos centros educativos.

Referímonos, por exemplo, á Circular nº 18 de principio deste curso, na que se crea a nova figura da Orientación Compartida modificando o posto de traballo de bastantes Orientadoras e contradiñando o modelo vixente. A Orde de catálogos de 6 de xullo de 2007 aumenta as unidades dos centros de Primaria para ter Departamento de Orientación propio, contradiñando a lexislación vixente até o momento. Tamén resulta reclamante como se modifican Ordes de necesidades educativas especiais ou de atención ao alumnado estranxeiro mediante artigos nos currículos ou nas ordes de avaliación, o que fai que non se garde coherencia en relación ás medidas de atención á diversidade que se poden desenvolver.

Desde o STEG non entendemos que nun momento en que se están a mudar todos os Decretos e Ordes que regulan a Educación na Galiza, a Consellería non teña interese por abordar a reforma dun modelo de Orientación herdado do goberno anterior e que preciaría de revisión, aínda que só fose para adaptarse á nova Lei Orgánica en vigor.

Polas nosas banda tentaremos recoller as sensibilidades e reivindicacións das orientadoras e orientadores do país para propor alternativas a este modelo e seguir loitando por unha orientación educativa digna que sirva a un ensino público de calidade.



# Informa

febreiro 2008

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

## Retribucións 2008

O marcador dio todo.

Como nos temíamos, as malas previsións económicas cumpríronse. Cunha inflación do 4,2 con que rematou o ano 2007, e a pírrica subida salarial do 2% para o ano 2008 (máis o 1% que supón a incorporación de parte do complemento específico nas pagas extraordinarias), a perda de poder adquisitivo dos empregados públicos, só na última década, supera o 10%.

Os nosos soldos continúan ano tras ano a subir por baixo do IPC. Isto quere dicir que cada vez gañamos menos, xa que os aumentos retributivos son inferiores ao da cesteira da vida, ou sexa, ao que soben os artigos e bens de consumo, especialmente os de primeira necesidade: alimentación, vivenda, auga, luz, roupa, calzado, carburantes, transportes, teléfono, etc.

Ante tal tendencia, que parece xa unha maldición para as empregadas e os empregados públicos, é incompreensible que os acordos salariais que se asinan anualmente entre o goberno e as centrais sindicais (CCOO, UXT e CSIF) non inclúan a xusta e necesaria cláusula de revisión salarial, tal e como vimos reivindicando desde o STEG.

Non se entende como estes sindicatos defenden no ámbito privado a incorporación da cláusula de revisión salarial nos convenios colectivos e non fan o mesmo na negociación dos acordos que afectan ás empregadas e empregados públicos. De feito, o Acordo Interconfederal de Negociación Colectiva para 2008

### Incremento na nómina do 2008

- 2% do acordo CCOO, UXT e CSIF co goberno central  
- cobro de 1/3 do complemento específico na paga extraordinaria de xullo e de 2/3 na de decembro  
- 35 € derivados do acordo de maio de 2006 asinado polo STEG coa Consellería + 15 € para quen teña dereito a percibir o complemento de función titular

(ANC 2008) contempla a necesidade de establecela nos convenios colectivos que se negocien en 2008. Esa política (pactada por CCOO, UXT e CEOE co beneplácito do Goberno) de incorporación da cláusula de recuperación salarial para os convenios colectivos supuxo, con datos do mes de outubro de 2007, que máis de 5 millóns de traballadoras e traballadores a incorporaran nos seus convenios. En concreto, o 82% dos novos convenios e o 64,25% dos revisados teñen establecida a cláusula de revisión salarial.

Esta incongruencia só ten unha explicación, que nada ten que ver cos intereses das traballadoras e traballadores nin coas súas melloras laborais e salariais: o trato de favor (económico e sindical), que reciben das diversas Administracións Públicas estas organizacións a cambio de manter a chamada paz social? (léase silencio, desmobilización, anuencia, complicidade...).

Un sindicalismo de consenso, no que é difícil distinguir sentados na mesa común que comparten (Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas)- quen son os políticos e quen os sindicalistas, porque uns e outros están previamente de acordo no que van negociar ás costas das traballadoras e traballadores que, supostamente, representan.

SALARIOS %

IPC %

2,2

Neste senso, mal comezo de ano. O STEG continuará reivindicando a cláusula de revisión salarial e a recuperación do poder adquisitivo do conxunto do profesorado, é de xustiza.

### Perda acumulada de poder adquisitivo

ANO	IPC	SUBA	DIF.	DIFERENZA ACUMULADA
1997	2	0	-2	-2
1998	1,4	2,1	0,7	-1,3
1999	2,9	1,8	-1,1	-2,4
2000	4	2	-2	-4,4
2001	2,7	2	-0,7	-5,1
2002	4	2	-2	-7,1
2003	2,6	2,7	0,1	-7
2004	3,3	2,7	-0,6	-7,6
2005	3,7	3,05	-0,65	-8,25
2006	2,7	2	-0,7	-8,95
2007	4,2	2	-2,2	-11,15

## Informe PISA 2006

### Que cada quen tire as súas conclusións

No STEG preocupámonos a repercusión mediática e as interpretacións interesadas que se fan deste tipo de informes.

Habitualmente, quedámonos cos titulares e coas novas dos medios de comunicación que adoitán presentar un enfoque demasiado simplista.

O informe só ofrece unha instantánea do modo en que un determinado número de estudantes responde a unha serie de preguntas, dunha determinada área, sen explicar os condicionantes que rodean o proceso educativo.

Sen entrar en valoracións, que cada quen tire as súas, neste artigo presentamos un resumo de varios aspectos recollidos no informe e que normalmente non aparecen na prensa.

## Formación inicial do profesorado: un avance insuficiente

O MEC establece as novas titulacións de grao e o máster de secundaria que posibilita o acceso á docencia

## Itinerancias O STEG asina o acordo sobre o profesorado itinerante

Todo o profesorado itinerante, aparte de cobrar a quilómetros desde o centro base ata os que itine, terá unha redución mínima de dúas horas lectivas á semana.

## ELECCIÓNS Preescolar na Casa

O STEG consegue un delegado nas primeiras eleccións que se celebran en Preescolar na Casa. O STEG concorreu a estas eleccións cunha reivindicación clara e prioritaria: total apoio aeste Programa

## Relixión O STEG denuncia na mesa sectorial que o persoal laboral de relixión ocupe cargos directivos.

O RD 696/2007 só habilita a este persoal para impartir aulas da súa confesión relixiosa. En Galiza atopámonos con persoal de relixión impartindo outras materias e mesmo ocupando cargos directivos, funcións que ao noso entender non pode exercer.

## Orientación educativa e atención á diversidade: un caixón *desastre*

O STEG ten demandado xa na Mesa Sectorial que se abra un debate sobre o tema da Orientación Educativa para abordalo no seu conxunto e modificar a lexislación vixente para subsanar todas as disfuncións que se están a producir.

## Que é?

O Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado (PISA), é un estudo realizado pola OCDE que tenta medir o rendemento do alumnado de 15 anos (independentemente do nivel educativo no que se atopan), en matemáticas, lectura comprensiva e ciencias. PISA non é unha avaliación curricular, é unha avaliación dos coñecementos e destrezas esperables no alumnado próximo a rematar o ensino obrigatorio.

Cada 3 anos este informe fai máis fíncapé nunha materia, este ano tocoulle a prioridade ás ciencias, 55%, fronte ao 35% adicado ás matemáticas e o 15% á competencia lectora.

Nesta edición participaron 57 países e por 1ª vez Galiza ten a participación suficiente como para ser considerada representativa.

## Para que serven estes estudos?

Desde o STEG queremos manifestar a nosa preocupación pola repercusión que teñen este tipo de informes. Con cada publicación, os docentes presenciamos o mesmo despregue mediático. Nos países con bos resultados, os políticos felicítanse e atribúense o mérito pola eficacia das súas políticas educativas, mentres que en países con peores resultados, culpan ao sistema escolar e aos docentes polo escaso rendemento. En ambos os dous casos, os medios de comunicación tenden a concentrarse nas clasificacións, ofrecendo un enfoque simplista e cun titular de máis sensacionalistas posibles. As cartas ao director quedan sen espazo para recoller a opinión de tantas e tantos "expertos" en materia educativa, e das tertulias radiofónicas...que dicir? Rara vez se atopa a algún que tivera lido as 126 páxinas do informe.

Desde o STEG pensamos que as complexidades da

educación non poden reducirse a simples resultados deportivos. O informe só ofrece unha instantánea do modo en que un determinado número de estudantes responde a unha serie de preguntas dunha determinada área, sen explicar os condicionantes que rodean o proceso educativo.

Por outra banda, preocúpanos o feito de que a OCDE faga tanto énfase nunha cultura baseada na competitividade. Mais non é de estrañar cando este organismo di que "os sistemas educativos deben centrar os seus obxectivos para satisfacer as esixencias do mercado laboral nun mundo comercial hipercompetitivo".

## Que cada quen tire as súas conclusións

Non imos entrar en valoracións. Son moitos os datos que se recollen no informe e moitos os factores que se analizan. A nosa intención é simplemente mostrar un resumo daqueles que nos parecen máis salientables e que polo xeral non aparecen na prensa.

### Como se cualifica no informe PISA

Pisa fai unha clasificación en 7 niveis de rendemento. Contrariamente ao que se pensa comunmente, os 500 puntos non marcan o límite entre o suspenso e o aprobado, esta cifra tan só é a media das medias dos países da OCDE, válida a efectos de establecer comparacións entre eles.

Inferiores	Nivel 0.....menos de 335 puntos	Medios	Nivel 2.....entre 410 e 484 puntos	Excelentes	Nivel 5.....entre 663 e 708 puntos
	Nivel 1.....entre 335 e 410 puntos		Nivel 3.....entre 484 e 558 puntos		Nivel 6.....máis de 708 puntos

### Rendemento en ciencias

Escolma de países	Territorios do Estado Español	Área mediterránea
1º Finlandia 563	Castela e León 520	Galiza 505
2º Hong Kong 542	A Ríoxa 520	Francia 495
3º Canadá 534	Aragón 513	España 488
....	Navarra 511	Italia 475
21º Galiza 505	Cantabria 509	Portugal 474
....	Asturias 508	Grecia 473
31º España 488	Galiza 505	
....	País Vasco 495	
57º Kirguistán 322	Cataluña 491	
OCDE 500	Andalucía 474	


### Porcentaxe de alumnado por niveis de rendemento



\* Galiza é o 4º con menos alumnado nos niveis inferiores

### Alumnado repetidor

Como xa se dixo, a proba realízase ao alumnado de 15 anos independentemente do curso no que está. En Galiza un 40% do alumnado participante era repetidor.




Con 528 puntos, o alumnado de 4º curso ocuparía o posto 8º na clasificación. En países como Finlandia está prohibido repetir curso.

### Equidade

PISA emprega varios sistemas para medir a equidade. O 1º é ver a diferenza de puntos entre o alumnado situado no percentil 95 e o situado no percentil 5. Empregando esta medida, Galiza con 285 puntos de dispersión, sitúase no 4º posto a nivel internacional. Máis interesante parece ver a gráfica na que se representan equidade e calidade. Máis interesante parece ver a gráfica na que se representan equidade e calidade.

Relación entre puntuacións e coeficiente de variación



No cuadrante superior esquerda aparecen países con boa calidade pero pouca equidade. No cuadrante superior dereita sitúanse os países con boa calidade e maior equidade. No inferior dereita aqueles que tendo boa equidade teñen rendementos menores á media. No inferior esquerda os que están por debaixo da media tanto en calidade como en equidade.

### Contexto social, económico e cultural

Galiza ocupa o posto 39 neste índice. Se todos os países tiveran o mesmo índice, Galiza subiría ata o posto 12º na clasificación xeral de rendemento.

### Estudos máis altos alcanzados no fogar

A diferenza de puntos entre o alumnado que a nai ou o pai non remataron os estudos secundarios e os que fixeron estudos universitarios é de 85 puntos

### Nº de libros no fogar

O alumnado que vive en fogares con menos de 10 libros (7%) obtén unha media de 407 puntos fronte aos 542 que obtén o alumnado que vive en fogares con máis de 500 libros.

### A titularidade dos centros

#### Porcentaxe de alumnado escolarizado en centros privados

1º. Macao-China	96%
2º. Países Baixos	67%
....	
10º. España	35%
....	
12º. Galiza	29%
....	
17º. Media OCDE	16%
....	
38º. Finlandia	2%

38 dos 57 países avaliados teñen menos dun 10% do alumnado escolarizado en centros privados.

#### Diferenza entre centros públicos e privados.

A diferenza de resultados medios de Galiza por tipo de centros favorece aos privados en 27 puntos. Pero se se detraen os efectos do índice social, económico e cultural sobre os resultados do seu respectivo alumnado, as diferenzas entre uns centros e outros non son estatisticamente significativas.

### Rendemento segundo o sexo

País	Vantaxe de puntos a favor dos homes		Vantaxe de puntos a favor das mulleres	
	Ciencias	Matemáticas	Ciencias	Matemáticas
Galiza	+4	+10	+42	
Media OCDE	+2	+11	+38	
Qatar	+32	+14	+66	
Chile	+22	+28	+17	

### Expectativas de futuro do alumnado

Un 28% do alumnado ten expectativas de traballar nunha profesión relacionada coa ciencia. Este alumnado obtén 75 puntos máis que o que non ten ningún desexo de ter un traballo relacionado coa ciencia.

## Formación inicial do profesorado: un avance insuficiente

### O MEC establece as novas titulacións de grao e o máster de secundaria que posibilita o acceso á docencia

NO BOE do 29 de decembro de 2007 aparece publicada a reforma das titulacións de Ed. Infantil, Primaria e Secundaria como resposta á adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. En concreto, no caso dos títulos de Grao de Ed. Infantil e Primaria a partir do curso 2009-2010 será necesario engadir aos tres cursos actuais de diplomatura un ano máis de grao, é dicir, Másterio terá 180 créditos europeos (tres anos) de formación académica básica e ata 60 créditos adicionais (un ano) de profundización, dentro do que se inclúen as prácticas tuteladas e un traballo de fin de grao. Os dous primeiros anos serán comúns para todas as Universidades e no terceiro permitirase ás institucións establecer os seus itinerarios ou mencións, que para El serán adecuadas aos ciclos e áreas de Infantil que establece a LOE. Para Primaria serán mencións cualificadoras as competencias asociadas á biblioteca escolar, uso das TIC e á educación de adultos. Así, o título será o mesmo para todos e só variará a mención que outorgue cada centro universitario.

No que respecta ao profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas deberán ser graduadas e graduados universitarios e cursar un máster oficial específico de un ano, que substitúe ao actual CAP, será necesario ademais demostrar un nivel intermedio no coñecemento dunha

lingua estranxeira. O 80% das ensinanzas deben ser presenciais e o alumnado deberá cursar prácticas docentes.

Ante esta reforma da formación inicial do profesorado o STEG, aínda recoñecendo que avanza sobre a situación, actual denuncia que:

- Esta reforma non foi consultada cos profesionais do ensino nin cos seus representantes.
- Segue habendo dous grupos de profesorado, deixando ás Mestras e aos Mestres con inferior titulación, e por tanto con inferior retribución.
- A tarefa de ensinar en calquera nivel educativo require unha formación inicial de calidade, tendo as mesmas dificultades, e por tanto esixindo a mesma formación, impartir aulas de ESO que de EI.

A igualdade na formación inicial de calidade para o conxunto de aspirantes á docencia é unha constante nas reivindicacións de moitas organizacións que, como o STEG, loitan día a día para que o ensino se desenvolva nas mellores condicións e co mellor profesorado, reivindicación que se concretou historicamente na existencia do Corpo Único de Ensinantes.

O MEC, coa proposta que acaba de aprobar, volve a defraudar as expectativas creadas, infravalorando o traballo nunha etapa educativa fronte a outra.

## ITINERANCIAS

### O STEG asina o acordo sobre o profesorado itinerante

Resumo do contido do acordo asinado:

1. Ten a **consideración de profesorado itinerante** o que desempeñe postos de traballo que comprenden máis dun centro educativo ubicados en distinta localidade. En todo caso considérase profesorado itinerante o que imparte docencia nos CRAs e as orientadoras e orientadores que teñan centros adscritos ou presen servizos en centros compartidos.
2. **Redución lectiva semanal:** Mínimo de 2 horas ata un máximo de 5 cando se superen os 150 kms semanais. Excepcionalmente, en función da orografía, as Xuntas de Persoal poderán establecer, ademais, unha compensación horaria de ata dúas horas máis de horario lectivo.
3. Os postos de traballo itinerantes serán de **aceptación voluntaria** para os funcionarios e funcionarios docentes.
4. **Titorías.** Non se asignarán titorías ao profesorado que desempeñe postos de traballo itinerantes mentres o resto do profesorado, exceptuando o equipo directivo, non as teña adxudicadas.

5. **Períodos de recreo.** Sempre que sexa posible dentro da organización dos centros, os períodos de recreo non se utilizarán para itinerar.

6. **Desprazamentos e compensación económica.** O profesorado itinerante terá dereito a percibir os custos de locomoción cando se desprace desde o centro base a outro centro educativo ou desde un centro educativo a outro, conforme á normativa xeral da Xunta de Galicia para o seu funcionario. Este punto aplicarase con efectos do 1 de setembro do 2007

7. **Transformación dunha praza en itinerante.** A transformación dunha praza ordinaria en praza itinerante ou o incremento nun cincuenta por cento ou máis da itinerancia dará dereito ao persoal titular da mesma a pasar á situación de suprimido ou suprimida e a permanecer con destino definitivo na praza.

8. **Aquelas profesoras que se atopan en período de xestión** poderán deixar de itinerar a partir do quinto mes de embarazo, pasando a realizar tarefas de apoio ou outras actividades no centro base ou o que determine a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A Consellería

## Éxito electoral en Preescolar na Casa

### O STEG consegue un delegado nas primeiras eleccións sindicais

O pasado mes de decembro celebráronse as primeiras eleccións na fundación Preescolar na Casa (PnC) nas que o STEG presentou lista electoral e nas que conseguimos un delegado dos cinco que compoñen o comité de empresa.

O STEG elaborou o seu programa electoral en consonancia cos seus obxectivos básicos: defensa dun ensino público de calidade e das condicións laborais das e dos docentes.

O STEG, polo tanto, concorreu a estas eleccións cunha reivindicación clara e prioritaria: **total apoio ao programa de PnC.** Por isto solicita que o sistema educativo público galego integre a PnC, cos seus servizos, a súa filosofía, os seus valores, a súa práctica educativa e ás traballadoras e traballadores que desenvolven este programa.

Ademais solicitamos que mentres este programa non sexa integrado na rede de servizos educativos, se aumente o financiamento para poder responder ás necesidades do programa e dos usuarios, e deste xeito, xeneralizar a oferta a todo o País, así como responder ás necesidades dos seus profesionais.

de Educación e Ordenación Universitaria nomeará un profesor ou profesora substituto ou substituta para garantir a prestación dos servizos educativos: Este punto será de aplicación no presente curso.

9. **Axudas no caso de accidente.** O profesorado itinerante terá dereito ás axudas para custos por accidente de automóbil que anualmente convoca a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

10. **Seguros e créditos.** A Consellería de Educación promoverá que as compañías de seguros de accidentes, vida e de automóbil lles oferten ao profesorado itinerante pólizas máis favorables que as existentes no mercado; así mesmo negociará con entidades crediticias aos efectos de que estas poidan ofertar aos itinerantes créditos brandos para a adquisición de vehículos en condicións tamén máis favorables que as existentes no mercado.

11. **Aplicación do acordo.** As disposicións do presente Acordo producirán efectos a partir do inicio do curso académico 2008/2009, agás o apartado sexto, que terá efectividade desde o 1 de setembro de 2007 e os apartados sétimo e oitavo que terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2008.